

Memoria de Actividades 2025

# ACADEMIA DE ENFERMERÍA DE GALICIA



- TÍTULO: MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CURSO ACADÉMICO 2025.
- AUTORÍA: XUNTA DE GOBERNO.
- EDITA: ACADEMIA DE ENFERMARÍA DE GALICIA.
- COLECCIÓN: MEMORIA DE ACTIVIDADES
- MAQUETACIÓN: ILMA. DRA. D<sup>a</sup>. MIRIAM VÁZQUEZ CAMPO.

©Todos os dereitos reservados pola autoría.

Lugo, novembro de 2025.



# CONTIDOS

- 1.Saúdo do Presidente
- 2.Apertura Curso Académico
- 3.Seccións
- 4.Actos investidura
- 5.Convenios
- 6.Cooperación Academias de Enfermaría
- 7.Grupos de traballo
- 8.Outras actividades
- 9.Publicacións



# 1. SAÚDO DO PRESIDENTE

## Saúdo do Presidente

Illmas. Sras e señores académicas, compañeiras e amigas!

É para min unha honra, como Presidente da Academia de Enfermaría de Galicia, presentarles esta Memoria de Actividades correspondente ao curso académico de 2025. Este documento non é só un rexistro de eventos, senón que reflicte a consolidación da nosa institución como referente científico e profesional no ámbito dos coidados na nosa comunidade, seguramente este fortalecemento vai máis lentamente do que nos gustaría pero xa se sabe que é como se cociñan os bos pratos.

O ano 2025 foi testemuña de fitos fundamentais para o crecemento da nosa Academia. Iniciamos o curso baixo o lema do "Liderado en enfermaría: necesidade e reto", unha premisa que serviu de fío condutor de cada unha das nosas actividades e accións. Neste senso, fomos quen de fortalecer a nosa estrutura interna mediante a adscrición de académicos ás distintas seccións, activando áreas tan vitais como a de Docencia e Investigación e a de Historia da Enfermaría.


A nosa familia académica continuou medrando coa solemne investidura de novos Académicos de Número, con achegas en campos como a tecnoloxía aplicada á diabetes e a transformación profesional que enriquecen o noso patrimonio intelectual. Así mesmo, reforzamos a nosa proxección institucional a través de convenios de colaboración cos colexios profesionais de enfermaría de Galicia e un diálogo constante coa Consellería de Sanidade, con outras academias e coa sociedade en xeral.

Quixera destacar tamén o noso labor de vangarda na elaboración de documentos técnicos sobre a Intelixencia Artificial aplicada á enfermaría e a nosa participación activa na defensa da prescrición enfermeira a nivel estatal en colaboración coas Academias de Ciencias da Enfermaría de Bizkaia e de Valencia. A presenza da Academia en foros internacionais de historia e en eventos que promoven o uso do galego na sanidade subliña o noso compromiso coa nosa identidade e coa excelencia científica e outros que se sinalan nesta memoria.

Todo o logrado durante este curso foi posible grazas ao esforzo desinteresado dos membros da Xunta de Goberno, dos académicos e do pulo de profesionais colaboradoras, así como das entidades que confían e aportan a súa axuda.

Convídoos a percorrer estas páxinas, que dan testemuño dunha enfermaría galega forte, unida e decidida a liderar o futuro dos coidados da saúde na nosa sociedade en colaboración coas institución e organizacións que traballan dun ou doutro xeito no mundo dos coidos.

Excmo. Sr. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez.  
Presidente da Academia de Enfermaría de Galicia



## 2. APERTURA CURSO ACADÉMICO

# SESIÓN SOLEMNE DE APERTURA DO CURSO ACADÉMICO 2025

Conferencia  
*"Liderado en enfermería:  
necesidade e reto"*

O 27 de xaneiro, a Academia de Enfermería de Galicia celebrou o acto de Apertura do Curso Académico 2025 no salón de actos do Pazo de San Roque, en Santiago de Compostela.

O acto estivo presidido polo presidente da Academia Excmo. Sr. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez e polo conselleiro de Sanidade Excmo. Sr. D. Antonio Gómez Caamaño.

# SESIÓN SOLEMNE DE APERTURA DO CURSO ACADÉMICO 2025

.Despois do saúdo do presidente da Academia, o vicesecretario Ilmo. D. Manuel Eladio Atrio Padrón presentou o plan de actividades para o curso 2025.



# SESIÓN SOLEMNE DE APERTURA DO CURSO ACADÉMICO 2025



Durante o evento, o académico de número Ilmo. Dr. D. Luis Fernando Arantón Areosa impartiu a conferencia titulada:

**«Liderado en enfermería: necesidades e reto»**

# 3. SECCIÓNS



# SECCIÓNS

En base ao artigo 24 dos Estatutos da Academia, ao principios do ano 2025 iniciouse un procedemento para a adscrición de Académicos de Número e Correspondentes ás distintas seccións.

A adscrición dos distintos membros da Academia as distintas seccións móstrase nas seguintes páxinas.

# SECCIÓNS

## ENFERMARÍA MÉDICO-CIRÚRXICA

- Lourdes Bermello López
- Victoria Becerra Sueiro
- Pilar Darriba Rodríguez
- Antonia Gómez Vidal

## ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

- Amador Villaverde Fernández
- Reyes Pérez Fernández
- Luis Fernando Arantón Areosa
- Marcos Pazos Couselo
- Elvira Cobas Couto
- Carlos Rodríguez Abab
- Anxela Soto Rodríguez
- Natalia Calvo Ayuso
- Ana Isabel Calvo Pérez

# SECCIÓNS

## DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

- M<sup>ª</sup> Reyes Pérez Fernández
- Miriam Vázquez Campo
- David Peña Otero
- Santiago Martínez Isasi
- M<sup>ª</sup> Concepción Agras Suárez
- Marcos Pazos Couselo
- Raquel Rodríguez González
- Mario Alberto Rivas Carro
- M<sup>ª</sup> Esperanza Giráldez Miranda
- Natalia Calvo Ayuso
- Julia Rey Brandariz

## DIRECCIÓN E XESTIÓN DA ENFERMARÍA

- Manuel Eladio Atrio Padrón
- M<sup>ª</sup> José Menor Rodríguez
- Beatriz Rosa Sánchez López
- Milagros Fernández Varela
- Luis Fernando Arantón Areosa
- M<sup>ª</sup> Concepción Agras Suárez
- M<sup>ª</sup> Jesús Pérez Taboada

# SECCIÓNS

## HISTORIA DA ENFERMARÍA

- Amador Villaverde Castiñeiras
- Isidoro Rodríguez Pérez
- M<sup>ª</sup> Jesús Regueiro Burgo
- Pilar Darriba Rodríguez
- Ángel Alfredo Martínez Ques
- José M.<sup>ª</sup> Rumbo Prieto
- Emilio Rubén Pego Pérez

## ENFERMARÍA EN SAÚDE MENTAL

- Mario Alberto Rivas Carro
- Emilio Rubén Pego Pérez
- Julia Rey Brandariz

## ENFERMARÍA PEDIÁTRICA

- Clara González Formoso
- Andrea Pilar Pérez Dinamarca

# SECCIÓNS

## INNOVACIÓN E EMPRENDEMENTO

- Santiago Martínez Isasi
- Marcos Pazos Couselo
- Elvira Cobas Couto
- Maria Esperanza Giráldez Miranda
- Julia Rey Brandariz
- Ana Isabel Calvo Pérez

## ENFERMARÍA OBSTÉTRICO-XINECOLÓXICA

- Mercedes González Peteiro

## CIENCIAS BÁSICA DA ENFERMARÍA

- Antonia Gómez Vidal.

## ENFERMARÍA DO TRABALLO

- Miguel Ángel Iglesias Blanco

## ENFERMARÍA XERIÁTRICA

- Miriam Vázquez Campo
- Ángel Alfredo Martínez Qués

# SECCIÓNS

Das doce seccións, activáronse dúas, procedéndose á elección dos cargos de presidente e secretario en cada unha delas.

## HISTORIA DA ENFERMARÍA



D. José Mº Rumbo Prieto  
Presidente



D. Emilio Rubén Pego Pérez  
Secretario



D. Santiago Martínez Isasi  
Presidente



D. Marcos Pazos Couselo  
Secretario

## DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

## 4. ACTOS DE INVESTIDURA



# ACTO DE INVESTIDURA

## como Académico de Número

A Academia de Enfermería de Galicia celebrou a Sesión Solemne de Recepción e Investidura como Académico de Número do Ilmo. Sr. Dr. D. Marcos Pazos Couselo.

O seu discurso de ingreso, titulado **“Tecnoloxía en Diabetes: Empoderando á Enfermería para Transformar a Educación Terapéutica”**, foi contestado pola Ilma. Sra. Dra. D<sup>o</sup> María Mercedes González Peteiro.

O acto foi presidido polo presidente da Academia, o Excmo. Sr. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez.

Á sesión asistiron personalidades do ámbito académico, universitario e profesional, así como a familia e amigos do académico.





SEDE ACADEMIA  
ENFERMERÍA DE GALICIA  
C/ Avenida de A Coruña, nº104, Entrechan B  
27003 Lugo  
Tf: 982 24 24 50  
[www.academiaenfermariagalicia.org](http://www.academiaenfermariagalicia.org)  
[secretaria@academiaenfermariagalicia.org](mailto:secretaria@academiaenfermariagalicia.org)



#### XUNTA DE GOBERNO

Presidente:  
*Excmo. Sr. D. Isidoro Rodríguez Pérez*

Vicepresidenta Primeira:  
*Excmo. Sra. Dña. María Lourdes Bermello López*

Vicepresidente Segundo:  
*Ilmo. Sr. D. Ángel Alfredo Martínez Ques*

Secretaría Xeral:  
*Ilma Sra. Dña. Miriam Vázquez Campo*

Vicesecretario Xeral:  
*Ilmo. Sr. D. Manuel Eladio Atrio Padrón*

Tesoureiro:  
*Ilmo. Sr. D. José María Rumbo Prieto*

Vicesecretaría:  
*Ilma. Sra. Dña. Milagros Fernández Varela*

Bibliotecario:  
*Ilmo. Sr. D. Luís Fernando Arantón Arrosa*



Sesión Solemne  
Recepción e Investidura

**Ilmo. Dr. Marcos  
Pazos Couselo**

Venres 27 de xuño de 2025  
17:00 horas

**Pazo de San Roque. Santiago de Compostela**

#### PROGRAMA

##### Apertura da Sesión

*Excmo. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez*  
Presidente da Academia

##### Lectura Acta de nomeamento Académico de Número

*Ilma. Dra. Dña. Miriam Vázquez Campo*  
Secretaría Xeral da Academia

##### Discurso de Ingreso

*"Tecnoloxía en Diabetes: Empoderando á Enfermería  
para Transformar a Educación Terapéutica"*

**Ilmo. Dr. Marcos Pazos Couselo**

##### Discurso de contestación

*Ilma. Dra. María Mercedes González Peteiro*  
Académica de Número da  
Academia de Enfermería de Galicia

##### Peche da Sesión

Ao final do acto servirase un cóctel



# Sesión Solemne da Academia de Enfermería de Galicia

VENRES 27 de xuño 2025 / 17:00 horas

## PROGRAMA

### ACTO DE RECEPCIÓN E INVESTIDURA

**Ilmo. Dr. Marcos Pazos Couselo**

### DISCURSO DE INGRESO:

*"Tecnoloxía en Diabetes: Empoderando  
á Enfermería para Transformar  
a Educación Terapéutica"*

### DISCURSO DE CONTESTACIÓN:

**Ilma. Dra. María Mercedes González Peteiro**

*Académica de Número da  
Academia de Enfermería de Galicia.*

[www.academiaenfermariagalicia.org](http://www.academiaenfermariagalicia.org)



**Lugar: Pazo de San Roque.  
Santiago de Compostela.**



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA E BARBANZA



ORGANIZACIÓN COLEGIAL  
ENFERMERÍA A CORUÑA

# ACTO DE INVESTIDURA

como Académico de Número do Ilmo. Dr. D. Marcos Pazos Couselo



# ACTO DE INVESTIDURA

## como Académica de Número

O pasado 17 de decembro, a Academia Galega de Enfermería acolleu o acto formal de recepción e a investidura de Dona María Milagros Fernández Varela como Académica de Número.

A Ilma. Sra. Dra. Fernández Varela presentou o seu discurso de ingreso, titulado **“Enfermería: un longo camiño de transformación”**. A réplica correu a cargo da Ilma. Sra. Dra. María Reyes Pérez Fernández.

A cerimonia estivo encabezada polo presidente da institución, o Excmo. Sr. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez.

Entre os asistentes á sesión atopábanse figuras destacadas dos eidos académico, universitario e profesional, xunto coa familia e amigos da nova académica.





SEDE ACADEMIA  
ENFERMERÍA DE GALICIA  
C/ Avenida de A Coruña, nº104, Entrechan B  
27003 Lugo  
Tf: 982 24 24 50  
www.academiaenfermariagalicia.org  
secretaria@academiaenfermariagalicia.org



#### XUNTA DE GOBERNO

Presidente:  
*Excmo. Sr. D. Isidoro Rodríguez Pérez*

Vicepresidenta Primeira:  
*Excmo. Sra. Dna. María Lourdes Bermello López*

Vicepresidente Segundo:  
*Ilmo. Sr. D. Ángel Alfredo Martínez Ques*

Secretaría Xeral:  
*Ilma Sra. Dna. Miriam Vázquez Campo*

Vicesecretario Xeral:  
*Ilmo. Sr. D. Manuel Eladio Atrio Padrón*

Tesoureiro:  
*Ilmo. Sr. D. José María Rumbo Prieto*

Vicesousreina:  
*Ilma. Sra. Dna. Milagros Fernández Varela*

Bibliotecario:  
*Ilmo. Sr. D. Luis Fernando Arantón Arceosa*



Sesión Solemne  
Recepción e Investidura

**Ilma. Dra. Dna. María Milagros  
Fernández Varela**

Mércores 17 de decembro de 2025  
17:30 horas

*Colexio Oficial de Enfermería de Ourense*

## PROGRAMA

### Apertura da Sesión

Excmo. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez  
*Presidente da Academia*

### Lectura Acta de nomeamento Académica de Número

Ilma. Dra. Dna. Miriam Vázquez Campo  
*Secretaría Xeral da Academia*

### Discurso de Ingreso

*"Enfermería: Un longo camiño de transformación"*

Ilma. Dra. Dna. María Milagros Fernández Varela

### Discurso de contestación

Ilma. Dra. Dna. M<sup>a</sup> Reyes Pérez Fernández  
*Académica de Número da  
Academia de Enfermería de Galicia*

### Peche da Sesión

Ao final do acto servírase un cóctel



# Sesión Solemne da Academia de Enfermería de Galicia

MÉRCORES 17 de decembro 2025 / 17:30 horas

## PROGRAMA

### ACTO DE RECEPCIÓN E INVESTIDURA

**Ilma. Dra. Dna. María Milagros  
Fernández Varela**

### DISCURSO DE INGRESO:

*"Enfermería: Un longo camiño  
de transformación"*

### DISCURSO DE CONTESTACIÓN:

**Ilma. Dra. Dna. M<sup>a</sup> Reyes  
Pérez Fernández**

*Académica de Número da  
Academia de Enfermería de Galicia.*

[www.academiaenfermariagalicia.org](http://www.academiaenfermariagalicia.org)

**Colexio Oficial de Enfermería de Ourense**  
*Rúa Vila Valencia, 18 , baixo. Ourense.*



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA  
DE OURENSE, VERÍN E  
O BARCO DE VALDEORRAS



# ACTO DE INVESTIDURA

como Académica de Número da Ilma. Dra. D<sup>ª</sup>.María Milagros Fernández Varela



## 5. CONVENIOS





O 6 de xullo, o Excmo. Sr. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez e o presidente do Colexio Oficial de Enfermaría da Coruña, D. Avelino Castro Pastor, asinaron o acordo de colaboración entre as dúas entidades.

O 11 de setembro, o presidente da Academia, o Excmo. Sr. D. Isidoro Rodríguez Pérez, xunto coa vicepresidenta primeira, a Ilma. Sra. D.<sup>ª</sup> Lourdes Bermello López, mantiveron unha xuntanza co Conselleiro de Sanidade, o Excmo. Sr. D. Antonio Gómez Caamaño, co fin de abordar os detalles dun convenio de colaboración entre ambas institucións.



## 6. A COOPERACIÓN DAS ACADEMIAS DE ENFERMARÍA



Ao longo do presente ano, as distintas Academias de Enfermaría do territorio nacional, como son as de Extremadura, Valencia, Bizkaia e Galicia, impulsaron unha activa axenda de encontros.

Representantes das súas respectivas xuntas de goberno, incluídos os seus presidentes, mantiveron diversas xuntanzas de traballo co obxectivo de debater temas cruciais e de actualidade para a profesión, establecer liñas estratéxicas de acción conxunta e coordinar iniciativas para o recoñecemento e o avance da Enfermaría a nivel estatal.

Nun esforzo conxunto e coordinado, as Academias de Enfermaría de Valencia, Bizkaia e Galicia consensuaron un **documento estratéxico**.

Este informe ten como finalidade a difusión de mensaxes unificados que sirvan de **apoio á inminente modificación da Lei do Medicamento**, a cal prevé o recoñecemento formal das enfermeiras como prescritoras no ámbito das súas competencias dentro do Sistema Nacional de Saúde.




## 7. GRUPOS DE TRABAJO



## Grupo de Trabajo: Enfermería e Intelixencia Artificial

- O grupo levou a cabo, durante o último semestre do 2025, a elaboración e publicación dun documento técnico fundamental para a adaptación da profesión aos desafíos tecnolóxicos.
- O devantido informe ten como obxectivo principal analizar de xeito integral e crítico as aplicacións actuais e potenciais da IA no ámbito da enfermaría, proporcionando unha avaliación exploratoria e o seu impacto en múltiples dimensións da práctica profesional.



Composición do grupo de traballo:

Ángel Alfredo Martínez Ques. (Coord.) Académico de número.

Mirian Vázquez Campo. Académica de número.

Santiago Martínez Isasi. Académico de número.

Concepción Agras Suárez. Académica de número.

Ana Isabel Calvo Pérez. Académica correspondiente.

Candela Fraga González. Miembro colaborador de la Academia.

María José Ferreira Díaz. Miembro colaborador de la Academia.

## 8. OUTRAS ACTIVIDADES



23/01/2025

### Reunión co Conselleiro de Sanidade.

Os desafíos e os obxectivos de futuro da Academia de Enfermaría de Galicia foron o eixo da xuntanza mantida entre o seu presidente, D. Isidoro Rodríguez Pérez, a secretaria xeral, D<sup>ª</sup> Miriam Vázquez Campo, e a vicetesoureira, M<sup>ª</sup> Milagros Fernández Varela, co Conselleiro de Sanidade, D. Antonio Gómez Caamaño.




**24/01/2025**

A solemne inauguración do Curso Académico 2025 da Real Academia Galega de Medicina e Cirurxía celebrouse coa asistencia, entre outros, do presidente da Academia de Enfermería de Galicia.

O acto tivo como eixos centrais o discurso inaugural, a cargo do Ilmo. Sr. D. Luís Campos Villarino, que versou sobre a "Teragnosis en cáncer de próstata", e a entrega dos Premios á investigación médica de 2024, patrocinados pola Fundación Barrié, a Fundación Quiroga e Piñeyro e Previsión Sanitaria Nacional.



31/01/2025



O Salón de Actos do Pazo de San Marcos (Lugo) acolleu a presentación da "Axenda de Mulleres 2025", elaborada pola Plataforma Andaluza de Apoio ao Lobby Europeo.

O evento, dedicado a conmemorar o trinta aniversario da histórica Conferencia Mundial de Beijing, contou coa asistencia do presidente da Academia de Enfermería de Galicia, D. Isidoro Rodríguez Pérez.

07/03/2025

## VII Encontro Internacional de Historia da Enfermaría (Viana do Castelo)

Baixo o lema "Gardiáns de Hixea: Legado Histórico da Enfermaría Comunitaria", as xornadas tiveron como foco principal levar a cabo a descrición, análise e discusión socio-histórica dalgúns aspectos da formación e prácticas profesionais da enfermaría de saúde pública e comunitaria no século XX.

Ademais, o encontro constituíuse como un momento para a presentación de resultados de investigacións en curso sobre outros aspectos da historia da enfermaría e das ciencias da saúde, e contou coa asistencia do presidente da Academia de Enfermaría de Galicia.



11/03/2025



A presentación do libro “As pandemias”, do ecólogo Fernando Valladares, tivo lugar o 11 de marzo de 2025, no Salón de Actos da UNED de Lugo.

A obra somérxese nunha reflexión sobre como a alteración dos ecosistemas e o cambio climático están acelerando o risco de novas pandemias, concluíndo que a prevención futura debe estar baseada na ecoloxía e na evolución.

A sesión contou coa asistencia do presidente da Academia de Enfermaría de Galicia. A

O presidente da Academia estivo presente na toma de posesión de D. Miguel Fernández como alcalde de Lugo, académico correspondente da Academia de Enfermaría de Galicia.



11/03/2025

01/04/2025

As XXVIII Xornadas Nacionais e XXI Xornadas Internacionais de Enfermería, celebradas o 1 e 2 de abril de 2025 en Lugo, reuniron a máis de 300 profesionais e estudantes baixo o lema "O Poder da Enfermería: Más Innovación, Más Impacto". No acto inaugural estivo presente o Excmo. Dr. D. Isidoro Rodríguez, presidente da Academia.





**11/04/2025**

Organizadas polo Ilustre Colexio Oficial de Enfermería de Lugo, as primeiras Xornadas de Xeriatría “Enfermería xeriátrica e centros sociosanitarios” tiveron lugar en Lugo o pasado 11 de abril. A cita convocou a profesionais da enfermmería, a socioloxía e o sector sociosanitario para analizar os desafíos e as demandas dos coidados ás persoas maiores, no marco do aumento do envellecemento demográfico en Galicia.

A conferencia inaugural foi impartida por D<sup>ª</sup>. Miriam Vázquez, secretaria xeral da Academia de Enfermería de Galicia e o acto de clausura foi presidido polo Excmo. Sr. D. Isidoro Rodríguez, presidente da Academia

23/04/2025

A mesa de debate sobre "**Sanidade, ciencia e servizos sociais**", enmarcada no Foro "Un país coa súa lingua", celebrouse en Santiago de Compostela co foco en propoñer accións concretas para garantir o uso do idioma galego na sanidade, nos servizos sociais e na investigación, subliñando a súa importancia para unha atención de calidade.

O encontro contou coa participación do presidente da Academia de Enfermería de Galicia, o Excmo. Sr. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez, quen achegou a súa contribución para asegurar o galego como lingua de comunicación nestes ámbitos.



26/04/2025



Dentro do Curso de Primavera do Campus de Lugo, artellado para a reflexión arredor da tradición, celebrouse o pasado 26 de abril na Casa do Saber a súa segunda sesión. A xornada consistiu nunha mesa redonda, moderada polo profesor e presidente da Academia de Enfermaría de Galicia, o Excmo. Sr. D. Isidoro Rodríguez Pérez, na que se abordou o asociacionismo arredor da música e do baile tradicionais na cidade de Lugo.

12/05/2025




A Praza Horta do Seminario de Lugo acolleu o pasado 12 de maio de 2025 as actividades con motivo do Día Internacional da Enfermeira. A xornada centrouse en obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa ciencia do coidado. Ademais, as enfermeiras lucenses estiveron a disposición dos cidadáns para responder as súas dúbidas de saúde.

O festival Pint of Science, que celebrou a súa décima edición entre os días 19 e 21 de maio en Lugo e Santiago de Compostela, serviu para achegar a ciencia á cidadanía en bares e espazos informais.

O seu obxectivo principal foi difundir os últimos avances científicos dun xeito entretido, comprensible e accesible, combinando coñecemento e cervexa en ambientes distendidos.

20/05/2025

O luns 20, o Santeiro's Terraza acolleu un trío de relatorios que mesturaron historia, deporte e poesía. Entre as intervencións, destacou a de D.Isidoro Rodríguez Pérez, presidente da Academia de Enfermaría de Galicia, quen afondou na figura de Elvira López Mourín.



#PINT25LUG #PINT25ES

X EDICIÓN  
**PINT OF SCIENCE**  
LUGO

**LUNS 19** **MESÓN DO FORNO**  
Rúa Río Ser, 12

- » QUE NARICES PASA CO VERME DOS NARICES?  
Rosario Panadero Fontán  
*Universidade de Santiago de Compostela*
- » CONTAMINACIÓN POR ANTIBIÓTICOS EN SOLOS AGRÍCOLAS  
Ana Isabel Barreiro Buján  
*Universidade de Santiago de Compostela*
- » O CUSTE DAS ESPECIES INVASORAS: A VESPA VELUTINA  
Ana Isabel García Arias  
*Universidade de Santiago de Compostela*

**MARTES 20** **SANTEIRO'S TERRAZA**  
Rúa Santiago, 214

- » ELVIRA LÓPEZ MOURÍN, ENFERMEIRA LUCENSE DE ALTOS VOOS  
Isidoro Rodríguez Pérez  
*SERGAS*
- » POR QUE SE FALA TANTO DA SUPERLIGA DE FÚTBOL  
Ignacio López López  
*Universidade de Santiago de Compostela*
- » A POESÍA COMO COÑECIMENTO REVOLUCIONARIO INTEGRAL  
Claudio Rodríguez Fer  
*Universidade de Santiago de Compostela*

**MÉRCORES 21** **HO! GRUF**  
Praza do Campo Castelo, 30

- » OS QUE NOS ROUBAN O ALIMENTO: TOMATES E PEMENTOS  
Javier Veloso Freire  
*Universidade de Santiago de Compostela*
- » BOSQUES E SECA. CRÓNICA DUNHA MORTE ANUNCIADA?  
Laura Fernández de Uña  
*Universidade de Vigo*
- » EN CASO DE INCENDIO... IMPORTA SER MULLER?  
Ana Cabana Iglesia  
*Universidade de Santiago de Compostela*

f @X in v  
@PINTOFSCIENCEES  
PINTOFSCIENCE.ES

MÁIS INFO:  
pintofscience.es/events/lugo

**19, 20 E 21 DE MAIO • 18:00H**  
ENCHAMOS OS BARES DE LUGO DE CIENCIA

PATROCINAN COLABORAN

**23/05/2025**

O pasado 23 de maio, colexiadas/os, familiares e amigas/os reuníronse para celebrar a HOMENAXE Á EXCELENCIA PROFESIONAL, un acto cargado de emoción que serviu para recoñecer o compromiso e o valor humano da profesión.

Durante a cerimonia, fixéronse entrega do Premio Faustino Vilar e dos Premios Científicos Muralla de Lugo, que destacaron o labor investigador, ademais de conceder diplomas e insignias ás/aos compañeiras/os que celebraron a súa xubilación e os 25 anos de colexiación. No acto, non faltou, D. Isidoro Rodríguez Pérez, presidente da Academia de Enfermaría de Galicia

Máis alá dos recoñecementos, o evento constituíu un espazo de reencontro, festa e unión para unha profesión que nace da vocación de coidar.

O presidente da Academia de Enfermaría de Galicia, D. Isidoro Rodríguez Pérez, asistiu ao acto institucional do Día da Subdelegación en Lugo.

Durante o evento, que se desenvolveu no Vello Cárcere, impuxéronse condecoracións ao persoal destacado pola súa traxectoria e servizo, e entregáronse os premios do concurso literario escolar "Carta a un militar". O acto rematou cunha ofrenda floral en homenaxe aos caídos por España.

06/06/2025



19/06/2025



A Dirección de Enfermería da Área Sanitaria de Ferrol celebrou o pasado 19 de xuño a Xornada de Enfermería 2025, que reuniu profesionais de toda Galicia co obxectivo de promover coidados máis profesionais e excelentes.

O evento, que tivo lugar no Hospital Arquitecto Marcide, contou coa participación destacada de Isidoro Rodríguez Pérez, presidente da Academia de Enfermería de Galicia, quen impartiu a conferencia de clausura sobre a figura de Elvira López Mourín

26/09/2025



A Semana de Cinema de Lugo en 2025, celebrada do 22 ao 27 de setembro, incluíu unha xornada dedicada á saúde coa participación da Academia de Enfermería de Galicia.

O 26 de setembro levou a cabo unha mesa redonda sobre o Alzheimer, moderada polo presidente da Academia, e a proxección da película "Lémbrame Alzheimer. O principio da desconexión"

06/10/2025

O Colexio de Enfermería de Ourense celebrou a súa tradicional Homenaxe á Excelencia Profesional 2025, un acto dedicado a recoñecer a excelencia, a entrega e a traxectoria de quen dedicou 25 anos ou máis ao servizo da saúde, así como daquelas compañeiras e compañeiros que se xubiláron este ano. Nesta edición rendeuse homenaxe a 16 enfermeiras e enfermeiros xubilados e a 23 profesionais que cumpriron 25 anos de servizo na profesión.



No acto estiveron presentes o Excmo. Sr. Dr. D. Isidoro Rodríguez Pérez, presidente da Academia; a Ilma. Sra. Dra. D.ª M.ª Milagros Fernández Varela, tesoureira segunda; e a Ilma. Sra. Dra. D.ª María José Menor, académica de número e presidenta do Colexio Oficial de Enfermaría de Ourense.

A Fundación VAC-AN, dedicada á conservación e difusión do legado do artista lucense José Vázquez Cereijo, puxo en marcha recentemente unha nova iniciativa cultural: o videopodcast quincenal 'Diálogos VAC-AN'. Este espazo recuperou a arte da tertulia para abordar temas sociais, artísticos e culturais baixo o fío condutor de "O Lugo do Futuro".

15/10/2025



O presidente da Academia de Enfermaría, o Excmo. Sr. D. Isidoro Rodríguez Pérez, reuniuse coa Fundación VAC-AN no marco da posta en marcha dun proxecto de colaboración.

19/10/2025

O Colexio Oficial de Enfermería da Coruña celebrou o 19 de outubro a cea de homenaxe á excelencia profesional, na que os protagonistas foron, unha vez máis, as enfermeiras e enfermeiros que alcanzaron os 25 anos de colexiación, así como quen se xubilou en 2024. Durante o acto foron recoñecidos un total de 73 profesionais.


No acto estivo presente o presidente da Academia, o tesoureiro D. José María Rumbo Prieto, así como a académica de número D<sup>ª</sup> M<sup>ª</sup> Pilar Darriba Rodríguez e o académico D. Carlos Rodríguez Abad.



O presidente da Academia, D. Isidoro Rodríguez e as académicas D<sup>ª</sup>. M<sup>ª</sup>. Concepción Agra Suárez e M<sup>ª</sup>. Jesús Pérez Taboada estiveron presentes na xornada “Evolución e Innovación en Enfermería y Fisioterapia” organizadas por FUDEN.

23/10/2025

D<sup>ª</sup>.M<sup>ª</sup> Jesús Pérez foi a encargada de inaugurales como directora de enfermería da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.



17/11/2025

O 17 de novembro, celebrouse a xornada sobre "Violencias Machistas: avances en procedemento xudicial e as valoracións forenses do IMELGA".

O encontro contou coa participación de representantes da Audiencia Provincial de Lugo e dun médico forense do Instituto de Medicina Legal, quen analizaron a evolución na atención xudicial ás vítimas e o papel das valoracións periciais.

A sesión tamén rexistrou a presenza de D. Isidoro Rodríguez Pérez como presidente da Academia de Enfermería de Galicia.




12/11/2025

O Grupo ACEESE (que agrupa as entidades ACISE e ISNA) organizou o Encontro Interprovincial do Norte “ O presente e futuro da enfermaría escolar en España” co obxectivo de ofrecer un espazo de reflexión e actualización sobre a enfermaría escolar nacional.

O evento buscou promover o intercambio de experiencias, o fortalecemento de redes profesionais e o debate sobre os desafíos actuais e futuros da nosa profesión.

Na clausura do acto, estivo presente D. Isidoro Pérez, presidente da Academia




O pasado 22 de novembro, a cidade de Vigo acolleu con éxito a VI Xornada de Actualización en Enfermería do Traballo, un evento organizado pola Asociación de Especialistas en Enfermería do Traballo de Galicia (AETGA). A cita congregou a numerosos profesionais dos ámbitos sanitario, preventivo e académico, quen se deu cita para abordar os principais desafíos e avances que a enfermmería do traballo enfrontaba en materias cruciais como a saúde laboral, o benestar corporativo e a vixilancia epidemiolóxica.



**22/11/2025**

No acto de clausura estivo presente, o Excmo. Sr. D. Isidoro Pérez, presidente da Academia.




**22/12/2025**

## XORNADA DA SECCIÓN DE HISTORIA DA ACADEMIA DE ENFERMERÍA DE GALICIA

A Sección de Historia da Academia de Enfermería de Galicia realizou unha xornada dedicada a resaltar a importancia do coñecemento histórico na profesión enfermeira e as liñas de investigación actuais. Esta actividade tivo como obxectivo principal reflexionar sobre a evolución histórica da enfermaría, o seu impacto na sociedade e o legado das profesionais que contribuíron ao desenvolvemento dos coidados ao longo do tempo.

# 9. PUBLICACIONES






---

**TECNOLOXÍA EN DIABETES:  
EMPODERANDO Á ENFERMARÍA PARA  
TRANSFORMAR A EDUCACIÓN TERAPÉUTICA**

---



**DISCURSO DE INGRESO**  
Pronunciado polo


ILMO. Dr. D. Marcos Pazos Couselo  
na súa recepción académica  
e


**CONTESTACIÓN**  
da

ILMA. Dra. Dna. Mercedes González Peteiro  
Académica Numeraria da Academia de Enfermaría de Galicia


Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2025

- Título: Tecnoloxía en diabetes: Empoderando á enfermaría para transformar a educación terapéutica.
- Autoría: Marcos Pazos Couselo.
- Edita: Academia de Enfermaría de Galicia.
- Colección: Discursos de Ingreso Académicos Numerarios.
- Bibliotecario da Academia: Ilmo. Dr. D. Luis F. Arantón Areosa.
- Imagen de la portada: Portada da publicación "A Diabetic Manual for the Mutual Use of Doctor and Patient" (Wikipedia).
- DOI: [10.5281/zenodo.15726787](https://doi.org/10.5281/zenodo.15726787)
- D.L.: LU 86-2025





- Título: Enfermería: un largo camino de transformación
- Autoría: M<sup>a</sup> Milagros Fernández Varela
- Edita: Academia de Enfermería de Galicia.
- Colección: Discursos de Ingreso Académicos Numerarios.
- Bibliotecario da Academia: Ilmo. Dr. D. Luis F. Arantón Areosa.
- Imagen de la portada: E.U. de Enfermería de Ourense
- DOI: [10.5281/zenodo.14148025](https://doi.org/10.5281/zenodo.14148025)
- D.L.: LU 196-2025





- Título: Inteligencia artificial y enfermería. Cómo incorporar la inteligencia artificial a los cuidados
- Autoría: Ángel Alfredo Martínez Qués (coord).
- Edita: Academia de Enfermería de Galicia.
- Colección: Informe técnico
- Bibliotecario da Academia: Ilmo. Dr. D. Luis F. Arantón Areosa.
- Imagen de la portada: realizada mediante IA

# AGRADECEMENTOS

## Entidades Colaboradoras

Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia  
Consejo General de Enfermería  
Universidade de Vigo  
Universidade de A Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras  
Área Sanitaria de Ferrol  
Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos  
Colexio Oficial de Enfermaría de Ourense  
Colexio Oficial de Enfermaría de Lugo  
Colexio Oficial de Enfermería de A Coruña  
Deputación de Lugo  
Escola Universitaria de Enfermería de Ourense  
Esccola Universitaria de Enfermería de Lugo

## Persoas individuais

D. Carlos Bermello Arce



Academia de Enfermaría de Galicia  
Avenida da Coruña nº104, entre chan B. Cp 27003, LUGO.  
Telf.+34 683.68.09.10  
Web:<https://academiaenfermariagalicia.org>

